


Sumario



EDITA
Concello de Betanzos

DESEÑO DA PORTADA
Luis Galán

IMPRIME E DESEÑA
Lugami Artes Gráficas

Colaboradores

Alejandro Sánchez Amado
Ángel Arcay Barral
Esther López Castro
Guadalupe Martínez
Lucía Tenreiro
María Luisa Pérez Iglesias
Xabier R. Blanco
Xulio Rozados



galicia



//ABANCA



GADIS







Saúdo a Rexedora

A Feira Franca Medieval cumpre vinte e cinco anos, un cuarto de século no que de xeito humilde, sinxelo, pero con moito traballo e ilusión conseguimos converter a Feira nun referente de todos os mercados medievais que se celebran en Galicia e símbolo e imaxe do noso municipio, fundamentalmente polo ámbito no que se celebra, o casco histórico, e pola participación dos betanceiros e betanceiras e dos milleiros de persoas que durante estes días nos acompañan.

Grazas a esa participación masiva e ao traballo de moitas persoas: corporacións anteriores, empregados e empregadas municipais, colaboradores e colaboradoras, persoas voluntarias, empresas patrocinadoras... puidemos chegar ata aquí. Algunha destas persoas, por desgraza, xa non están con nós. Vaia para elas o noso máis sentido recoñecemento.

Esta Feira, coa que en Betanzos marcamos o inicio do verán, terá unha programación especial, máis ampla, de catro días, que nos vai permitir, un ano máis, viaxar a unha época pretérita onde a nosa cidade tivo un papel significativo no acontecer de Galicia. Catro días de programación, que comezarán con algo único do noso patrimonio histórico como son as danzas gremiais, que vos convido para que aproveitedes para gozar plenamente de BETANZOS, en maiúsculas, da súa riqueza histórica e cultural, das súas rúas, da súa xente, o seu comercio, e, como non, da súa hostalaría...

Nas vosas mans tendes o programa de actividades que inclúe dende as representacións de temas e acontecementos medievais, que marcaron a nosa historia, ata música, exposicións... que se mesturarán coa venda de produtos de artesanía e gastronómicos nos distintos postos distribuídos en máis rúas que en anteriores edicións para celebrar o máis intensamente posible estes 25 anos de Feira.

Parabéns a todos e todas.

Que viva a Feira Medieval!!!

Que viva Betanzos!!!

María Barral Varela



Mércores, 10 de Sant Xago

20:30h Na igrexa de Santa María do Azougue interpretación, por primeira vez en España, da obra poética O TRATADO DOS MESES de Bonvensin de la Riva por conta do grupo de teatro Noite Bohemia e dirixida por Javier Fernández Mariño. Esta obra narra a rebelión dos meses, encabezados por febreiro, contra xaneiro, o seu señor. Cada un dos meses vai describindo as actividades que lle son propias e que aparecen reflectidas no calendario agrícola do capitel da igrexa de Santa María do Azougue.

Santa M^a do Azougue. Calendario agrícola.



Julio
Segador



Agosto
Mallador



Diciembre
Sembrador



Febrero
Friolero



Abril
Florido



Enero
Fin y principio



Septiembre
Vendimiador



Octubre
Porquero



Noviembre
Matarife



Marzo
Podador



Mayo
Cetrero



Junio
Frutero

Dibujos: Alfredo Erias[©]





Xoves, 11 de Sant Xago

15:00 h Remate da colocación das paradas de venta da XXV edición da Feira Franca Medieval.

18:00 h Os/as artesáns/ás chegados/as de todos os lugares e recunchos de España abren as súas paradas para ofrecerlles o mellor das súas terras ás persoas que queiran mercar ou observar os seus produtos.

18:00 h Apertura do RECUNCHO INFANTIL situado na praza dos Irmáns García Naveira e da zona de OBRADOIROS DEMOSTRATIVOS de oficios tradicionais situados no cantón de Claudino Pita. Estes últimos correrán por conta da compañía Hípica Celta.

20:30 h DANZAS GREMIAIS DE BETANZOS na praza dos Irmáns García Naveira. Interpretación das danzas de Mariñeiros e Labradores por conta do Grupo de Danzas Xóvenes do Pobo, e das Danzas de Xastres e Zapateiros por conta do Grupo Azougue da Escola Municipal de Folclore.

22:30 h ESPECTÁCULO DE LUME por conta do grupo YEMAYA na Praza da Constitución. Combinado tamén con pirotecnia, danza e malabares, Os e as artistas realizarán movementos cativadores e malabares mentres manipulan lume e outros obxectos incandescentes creando un ambiente máxico e inesquecible para o público.

Durante a tarde actuarán por toda a feira o grupo de música ACIBREIRA, os BRINQUEIROS, e O FAUNO. Haberá, tamén exhibición de CETRARÍA na rúa Nova.

O RECUNCHO INFANTIL da praza dos Irmáns García Naveira permanecerá aberto ata as 22:00 h. Co mesmo horario funcionarán o resto das atraccións para os rapaces e rapazas.





2019

Venres, 12 de Sant Xago

11:30 h Apertura das paradas.

11:30 h Apertura do RECUNCHO INFANTIL situado na praza dos Irmáns García Naveira e da zona de OBRADOIROS DEMOSTRATIVOS de oficios tradicionais situados no cantón de Claudino Pita.

12:00 h Comezarán a percorrer a Feira os pasarrúas de ACIBREIRA e O FAUNO.

18:00 h Apertura das paradas.

18:00 h Apertura do RECUNCHO INFANTIL situado na praza dos Irmáns García Naveira e da zona de OBRADOIROS DEMOSTRATIVOS de oficios tradicionais situados no cantón de Claudino Pita.

19:30 h Actuación de KOTE MALABAR na praza da Constitución.

21:00 h O señor de Andrade honra a todos os seus vasallos coa chegada á praza da Constitución desta real cidade.

Nobres e campesiños presentaranlle as súas queixas e pedimentos por medio do notario Xoán Branco e haberá danzas nobres e campesiñas coa colaboración da escola de danza DANZARTE e danzas mouras por conta das VOLUNTARIAS da Feira Franca Medieval. O pregón correrá por conta de **José Raimundo Núñez-Varela y Lendoiro**, historiador, investigador e cronista oficial dos concellos de Betanzos, Miño e Paderne.

Para rematar a ilustrísima señora rexedora da cidade de Betanzos abrirá oficialmente a XXV edición de FEIRA FRANCA MEDIEVAL de Betanzos.

23:00 h Na Praza dos Irmáns García Naveira os membros do CLUB DE BALONCESTO SANTO DOMINGO de BETANZOS representarán o incendio da cidade do século XVI cunha simpática carreira de bocois.

24:00 h Na praza da Constitución espectáculo FIRE PERFORMANCE por conta da compañía HÍPICA CELTA. Unha experiencia fascinante, na que as chamadas bailan ao ritmo da música creando un espectáculo de luz e sombra que deixará ao público marabillado.

Durante todo o día haberá espectáculos de malabarismo, música, teatro, etc. Actuarán por toda a feira o grupo de música ACIBREIRA, os BRINQUEIROS, o FAUNO, e TROULA ANIMACIÓN con espectáculos de percusión e lume. Haberá exhibición de TIRO CON ARCO no adro de Santa María e de CETRARÍA na rúa Nova.

RECUNCHO INFANTIL da praza dos Irmáns García Naveira, permanecerá aberto ata as 22:00 h, co mesmo horario funcionarán o resto das atraccións para os rapaces e rapazas.

Neste día de previsible afluencia masiva de xente á nosa cidade a Cruz Vermella e o Concello de Betanzos porán a disposición das persoas asistentes, de xeito gratuíto, un servizo de localización de nenos/as perdidos/as entre as 19:30 h e as 21:30 h na praza dos Irmáns García Naveira.



Sábado, 13 de Sant Xago

11:30 h Apertura das paradas.

11:30 h Apertura do RECUNCHO INFANTIL situado na praza dos Irmáns García Naveira e da zona de OBRADOIROS DEMOSTRATIVOS de oficios tradicionais situados no Cantón de Claudino Pita.

12:00 h Comezarán a percorrer a Feira os pasarrúas de MÚSICOS, CÓMICOS e MALABARES, así como o grupo de teatro LA RECUA.

12:30 h Actuación do MAGO GONZÁLVEZ na praza da Constitución.

12:30 h Actuación de KOTE MALABAR no adro de Santa María.

13:30 h Na praza da Constitución, chegada dos mouros ao mando de Yussuf Hammar para esixirlle á cidade de Betanzos as doncelas que ten que entregarlle ao califa de Córdoba. As mozas mouras que acompañan a Yussuf deleitaranos cunhas fermosas danzas.

17:00 h Apertura das paradas.

18:00 h Apertura do RECUNCHO INFANTIL situado na praza dos Irmáns García Naveira e da zona de OBRADOIROS DEMOSTRATIVOS de oficios tradicionais situados no Cantón de Claudino Pita.

19:00 h Revolución irmandiña coa proclama do mercador Afonso de Carballido, danzas campesiñas por conta da escola de danza Danzarte e a continuación actuación do grupo AZOUGUE da Escola Municipal de Folclore de Betanzos.

20:00 h Actuación de KOTE MALABAR na praza da Constitución.

20:00 h Actuación do MAGO GONZÁLVEZ no adro de Santa María.

21:00 h Danza oriental no adro de Santa María por conta do grupo MAHAILA.

24:00 h Na praza da Constitución, espectáculo de pirotecnia, zancudos e lume por conta do grupo de teatro LA RECUA e representación dun Aquestrarre.

Durante todo o día percorrerán a feira o grupo de música ACIBREIRA, os BRINQUEIROS, o FAUNO, o grupo de teatro LA RECUA e haberá tamén exhibicións de TIRO CON ARCO no adro de Santa María e de CETRARÍA na rúa Nova.

RECUNCHO INFANTIL na praza dos Irmáns García Naveira desde as 11:00 h ata as 14:00 h e dende as 18:00 h ata as 22:00 h.

Neste día de previsible afluencia masiva de xente á nosa cidade a Cruz Vermella e o Concello de Betanzos porán a disposición das persoas asistentes, de xeito gratuíto, un servizo de localización de nenos/as perdidos/as entre as 19:30 h e as 21:30 h na praza dos Irmáns García Naveira.



Domingo, 14 de Sant Xago

11:30 h Apertura das paradas.

11:30 h Apertura do RECUNCHO INFANTIL situado na praza dos Irmáns García Naveira e da zona de OBRADOIROS DEMOSTRATIVOS de oficios tradicionais situados no Cantón de Claudino Pita.

12:30 h Actuación de KOTE MALABAR na praza da Constitución

12:30 h Actuación do MAGO GONZÁLVEZ no adro de Santa María.

13:30 h Escena da expulsión dos leprosos e leprosas que parten da praza dos Irmáns García Naveira, interpretada pola xente colaboradora da organización e que rememora un feito histórico da cidade.

17:00 h Apertura das paradas.

18:00 h Apertura do RECUNCHO INFANTIL situado na praza dos Irmáns García Naveira e da zona de OBRADOIROS DEMOSTRATIVOS de oficios tradicionais situados no cantón de Claudino Pita.

18:00 h Torneo Medieval a cabalo na praza dos Irmáns García Naveira con exhibición dos cabaleiros ademais de CETRARÍA. Espectáculo de baile nobre e campesiño por conta da escola de danza DANZARTE.

20:00 h Actuación do MAGO GONZÁLVEZ na praza da Constitución.

20:00 h Actuación de KOTE MALABAR no adro de Santa María.

23:00 h Na praza da Constitución espectáculo por conta do grupo de teatro LA RECUA.

23:30 h Danzas mouras por conta das mozas voluntarias de Betanzos e colaboradoras da organización.

Durante todo o día percorreren a feira o grupo de música ACIBREIRA, os BRINQUEIROS, o FAUNO o grupo de teatro LA RECUA, e haberá tamén exhibicións de TIRO CON ARCO no adro de Santa María e CETRARÍA na rúa Nova.

RECUNCHO INFANTIL na praza dos Irmáns García Naveira desde as 11:00 h ata as 14:00 h e dende as 18:00 h ata as 22:00 h.

Neste día de previsible afluencia masiva de xente á nosa cidade a Cruz Vermella e o Concello de Betanzos porán a disposición das persoas asistentes, de xeito gratuíto, un servizo de localización de nenos/as perdidos/as entre as 18:30 h e as 20:30 h na praza dos Irmáns García Naveira.

***SERÁ NO ANO DE DEUS DE 2025 CANDO NOS VOLVAMOS A ATOPAR
NA XXVI EDICIÓN DA FEIRA FRANCA MEDIEVAL DE BETANZOS.***



Itinerario da Feira Franca



- PULPEIRA
- CERVEXERÍAS
- TORTAS CELTAS
- GASTRONOMÍA
- GRELLA/KEBAB
- WC QUÍMICOS

